

PLAN DIGITAL

CEIPP Anxo da Garda

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio de Educación Infantil e Primaria "Anxo da Garda" está situado na zona dos Castros, periferia da cidade da Coruña, concretamente na rúa Monte das Moas, número 8-10.

Os datos de contacto son:

Teléfono 881960778

E-mail: ceip.anxo.dagarda@edu.xunta.es

Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipanxodagarda>

Está composto por 3 grupos de infantil, 7 de primaria, 240 alumnos e alumnas e conta cun claustro de 20 mestres e mestras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado na zona dos Castros, periferia da cidade da Coruña, O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo, procedentes na súa meirande parte do entorno inmediato do colexio. O estudo da poboación escolar apórtanos datos significativos sobre o incremento da diversidade poboacional coa correspondente correlación de necesidades educativas que leva consigo.

En ocasións, e cada vez máis, chegan ao centro alumnos procedentes do estranxeiro ou trasladados doutros colexios, aos que se lles presta a debida atención para favorecer a súa integración no centro.

A diversidade pois, é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres e mestras, tamén das peculiaridades do centro e da comunidade educativa no seu conxunto.

O noso centro participou no programa “Iniciación a Robótica Educativa”, tamén no programa Abalar, e neste curso entrou no Programa Edixgal en 5º de Primaria, que se ampliará a sexto no curso 22/23.

O PD pretende contribuir a acadar un dos obxectivos propostos na PXA, principalmente polo Proxecto Educativo *“Potenciar a aprendizaxe e utilización das novas tecnoloxías por parte dos alumnos, capacitándoos para o seu uso e aproveitar as vantaxes que teñen dende o punto de vista didáctico e informativo”*.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do centro ampárase na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación que regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. Finalmente, a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinalan que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

Atendendo ás instrucións dadas pola Consellería, seguíronse os pasos cronoloxicamente establecidos para a confección do Plan Dixital que a continuación se detallan:

- Realización do SELFIE entre profesorado e alumnado.
- Elaboración do informe SELFIE.
- Realización do test CDD por parte do profesorado do centro.
- Elaboración do informe cos resultados do CDD.
- Análise DAFO a partir dos resultados dos test anteriores.
- Elaboración dos obxectivos do Plan de Acción.
- Elaboración do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro dispón de conectividade a Internet tanto a través de rede cableada na zona de xestión, aula de informática e nalgúns aulas como a través da WIFI edu.xunta.es instalada a finais do curso pasado con motivo do inicio no programa EDIXGAL neste curso 2021-2022. Esta instalación supuxo unha mellora notable na conectividade de tódalas aulas do centro. Se ben houbo que resolver algúns problemas técnicos ó inicio de curso podemos afirmar que a conectividade en tódolos equipos do centro permite un uso adecuado dos mesmos para as actividades diarias.

A modo de resumo falamos a continuación da situación a nivel de de conectividade e equipamento nas distintas aulas:

- *Aulas de Infantil*: As 3 aulas contan con conectividade WIFI a edu.xunta.es, equipos de sobremesa e televisión táctil interactiva.

- *Aulas de Primaria:* Tódalas aulas contan con conectividade WIFI ou por cable á rede edu.xunta.es dispoñendo de equipos de sobremesa e PDI interactiva.

Tanto nas aulas de Infantil como de Primaria contamos con equipos informáticos actualizados e cun correcto funcionamento grazas, principalmente, á doazón de 10 CPU,s e correspondentes monitores realizada pola fundación Paideia a finais do curso 2020/2021.

- *Aula E-Dixgal:* O centro comezou este curso 2021/2022 a súa participación no proxecto E-Dixgal e conta cun grupo (5º de Primaria) coa dotación de equipamento necesario neste proxecto: carriño de carga,PDI, proxector, equipos para alumnado (22+1 de reserva) e equipos para o profesorado que imparte neste curso (5 portátiles). O portátil existente no aula para o uso do mestre ó igual que proxector e PDI proveñen da dotación anterior do programa Abalar no que tamén participaba o colexio.

- *Aulas de música e inglés:* contan con conectividade WIFI á rede edu.xunta.es dispoñendo de equipos de sobremesa e PDI interactiva

- *Aula de informática:* existen 28 equipos para o alumnado e 1 equipo para mestres cableadas para a súa conexión a Internet. A creación desta aula foi posible grazas a aportación económica conxunta realizada pola ANPA e o propio centro no curso 2017/2018.

- *Zona de xestión e administración:* 3 equipos informáticos de sobremesa para o equipo directivo.

- *Sala de profesorado:* 2 equipos de sobremesa un dos cales está practicamente obsoleto e apenas ten uso.

- *Biblioteca:* conta con 4 equipos de sobremesa. Un deles empregado polo equipo de biblioteca para a xestión da mesma a través do programa MEIGA. Os outros 3 son equipos de consulta para profesorado e alumnado. Ademais tamén dispón dun proxector.

- *Aula móbil*: contamos con 13 equipos ultraportátiles cedidos pola Consellería no curso 2020/2021.
- *Carriño TIC*: No curso 2020/2021 encargouse a realización dun carriño portátil (a cargo do rozamento do centro) onde almacenar o material de robótica e tabletas coas contamos no centro. A idea é que este “carriño” estea dispoñible durante o horario lectivo para o profesorado.

A continuación deixamos un enlace ao inventario TIC do centro onde se recolle o equipamento dispoñible, coas súas características, ubicación, uso, conectividade e procedencia:

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1sJ9HG1ZCNWSpk73rGFPDzzjPLcWAbNjr/edit?usp=sharing&ouid=100656334117497476603&rtpof=true&sd=true>

En canto ós servizos dixitais educativos o noso centro emprega os seguintes medios institucionais para facilitar a comunicación coas familias e posibilitar a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe de xeito non presencial:

- *Páxina web* <http://centros.edu.xunta.es/ceipanxodagarda>: Nela se inclúen novas de relevancia para as familias e se facilitan enlaces con acceso ós distintos blogs do cole: música, educación física, PVDA, biblioteca, orientación...
- *Aula Virtual*: No inicio de curso creáronse os grupos de Primaria matriculando a todo o alumnado e profesorado. Os grupos de 3º a 6º de Primaria asisten habitualmente á aula de informática para traballar dentro da AV.
- *Abalarmóbil*: É o canle de comunicación coas familias usado de forma habitual e practicamente exclusiva polo profesorado.

A xestión do mantemento do equipamento informático do centro está cargo, desde este curso, da empresa GVT. O grao de satisfacción entre o profesorado coa súa labor e alto e a súa labor está facilitar o correcto funcionamento do equipamento durante este curso.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización do análise DAFO, seguindo os requisitos establecidos pola Consellería, utilizouse a información obtida trala realización do test de autoavaliación SELFIE e o test de Competencia Dixital Docente. As puntuacións obtidas en cada un destes tests que permitiron establecer as fortalezas/oportunidades e debilidades/amezas do noso centro resúmense a continuación nas táboas que se achegan

Resultados obtidos no test SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía:	Equipo Direct.	3,7				

Apoio e Recursos	Profesorado	4,1			
	Alumnado	-			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4			
	Profesorado	3,3			
	Alumnado	3,7			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3			
	Profesorado	2,3			
	Alumnado	-			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4			
	Profesorado	3,6			
	Alumnado	4,2			

1. *Resultados obtidos no test CDD*

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>14</u>	<u>71,4%</u>
PROVISIONAL	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>71,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

EI	<u>71,5</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>	<u>68,2</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>
EP	<u>75,1</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>	<u>77</u>	<i>Integrador/a (B1)</i>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0</u>
A2	<u>7</u>	<u>41,2%</u>
B1	<u>9</u>	<u>52,9 %</u>
B2	<u>1</u>	<u>5,9%</u>
C1	<u>0</u>	<u>0</u>
C2	<u>0</u>	<u>0</u>
TOTAL	<u>17</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir dos informes obtidos do test SELFIE e o test de CDD elaboramos unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a creación das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	Boa conectividade WiFi no centro. Correcto funcionamento dos equipos informáticos existentes.	Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE	Suficiente participación en proxectos interdisciplinares. Suficiente reflexión sobre as necesidades de DPC. Si se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado Adaptación ás necesidades do alumnado.	Non existe certificación en competencias dixitais. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	Bo funcionamento da asistencia técnica contratada polo centro.	
	ALUMNADO	Suficiente implicación do alumnado.	Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione

		O alumnado si aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa O alumnado si aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet	sobre a súa aprendizaxe. Non se utilizan tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.
	FAMILIAS	Suficiente comunicación coa comunidade educativa.	
	OFERTA	Suficientes recursos educativos en liña. Suficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Suficiente política de protección de datos. O equipo directivo si promove o emprego de software libre no ámbito educativo Si hai nas aulas do centro equipamento informático mercado polo propio centro.	Non existe unha estratexia dixital. Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Participación en programa Edixgal	Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	As familias maioritariamente teñen acceso a Internet e contan cos dispositivos dixitais.	
	ANPA	Predisposición favorable para colaborar na compra de material necesario.	
	OUTRAS ENTIDADES	Participación programas externos para dotación de material informático.	Non hai participación en ningún programa externo relacionado coas TIC

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez rematada a elaboración do DAFO puidéronse establecer as debilidades/ameazas e fortalezas/oportunidades existentes no noso centro. Tendo en conta as debilidades/ameazas e valorando as posibilidades que nos ofrecen as fortalezas/oportunidades obtivemos o punto de partida real existente para poder determinar así os obxectivos cos que queremos traballar dentro do noso Plan Dixital. Formulamos obxectivos específicos, medibles, alcanzables e que se pretenden alcanzar ao longo do curso 2022-2023. Pertencen a distintas áreas de mellora para cada un deles estableceremos indicadores de partida e de logro ademais das accións necesarias para acadalos, responsables das mesmas, temporización e recursos necesarios. Toda esta información está recollida en cada unha das táboas elaboradas para cada uno dos catro obxectivos establecidos que se achegan a continuación:

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos							
OBXECTIVO 1:	Dar continuidade ó uso do Aula Virtual do centro entre os grupos de 3º e 4º de Primaria.					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sesións realizadas en cada trimestre co grupo na AV dentro do horario lectivo (instrumento de medida: enquisa ós docentes implicados)						
Valor de partida:	Asistencia esporádica dos grupos de 4º de Primaria. Non hai uso da AV por parte do grupo de 3º de Primaria.						
Valor previsto e data:	Asistencia mínima de 6 sesións/trimestre de cada grupo co titor/a.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Crear cursos e matricular profesorado e alumnado na AV do centro.	Coordinador TIC	1/10/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Realizar sesión de formación para o profesorado (se é preciso) acerca do uso do AV.	Coordinador TIC	1/10/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Publicar actividades nos cursos correspondentes da AV	Profesorado	Inicio de cada trimestre	Actividades creadas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.4: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado	30/06/2023	Actividades publicadas na AV			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Liderado						
OBXECTIVO 2:	Elaborar planificación de contidos dixitais a traballar durante as etapas de Infantil e Primaria				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC / Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Grado de desenvolvemento do documento que inclúa a planificación dos contidos dixitais (uso de programas de ofimática e programación con Scratch) a traballar nas áreas de Infantil e Primaria					
Valor de partida:	Non existe ese documento, trabállanse este tipo de contidos sen unha planificación a medio/longo prazo.					
Valor previsto e data:	Elaboración do documento.			28/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Realizar avaliación inicial entre profesorado para determinar o punto de partida.	Coordinador TIC	23/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Seleccionar obxectivos e contidos.	Equipo TIC	7/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Planificar e secuenciar obxectivos e contidos para cada nivel educativo.	Equipo TIC	28/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 3:	Habilitar un espazo físico para posibilitar e promover o uso dos recursos dixitais existentes no centro				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC (en colaboración cos técnicos da empresa informática contratada polo centro)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Existencia dun espazo na Aula de Informática onde se almacenen e poidan ser empregados os recursos dixitais existentes (tablets portátiles robots)					
Valor de partida:	Ningún mestre/a do centro emprega estes recursos ben por descoñecemento dos mesmos ou por afirmar que é complicado acceder a eles para o seu uso					
Valor previsto e data:	Habilitar espazo/“recanto” na Aula de Informática para facilitar e promover o uso dos recursos dixitais do centro actualmente en				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1:Desbotar material informático obsoleto existente que impide o aproveitamento dunha zona ampla da Aula de Informática	Coordinador TIC	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:Habilitar e acondicionar espazo na Aula de Informática e dotalo cos recursos dixitais existentes no centro.	Equipo TIC	31/03/2023	Recursos dixitais (portátiles, robots e tablets xa existentes no centro)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Presentar novo “recanto informático” ó claustro e dar a coñecer o seu funcionamento e posibilidades de uso	Coordinador TIC	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 4:	Empregar ferramentas dixitais dentro do proceso de avaliación do alumnado.				Acadado	
Responsable:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de rúbricas creadas polo profesorado na AV do centro					
Valor de partida:	Non existen rúbricas creadas na AV.					
Valor previsto e data:	Creación como mínimo dunha rúbrica por mestre/a.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Realizar reunión de formación inicial co profesorado sobre creación de rúbricas na AV.	Coordinador TIC	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Crear rúbricas na AV.	Profesorado	31/03/2023	Rúbricas creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Empregar rúbricas creadas.	Profesorado	30/06/2023	Rúbricas publicadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta as aclaracións realizadas por AMTEGA con respecto á infraestrutura dixital nos centros educativos valoramos as necesidades actuais no noso centro neste apartado:

- *Infraestrutura dixital*: a infraestrutura de datos, voz e conexión cableada tivo un correcto funcionamento durante o curso 2021/2022. A instalación da rede edu.xunta.es con motivo do inicio do proxecto Edixgal no centro facilitou que se solucionasen problemas de conectividade en certas aulas existentes ata entón.

- *Equipamento*: Como xa especificamos contamos con equipos informáticos dotados pola Consellería, doados pola fundación Paideia e mercados con cargo ó orzamento do centro e/ou ANPA. Dentro do equipamento subministrado pola administración urxe substituír por funcionamento defectuoso que impide o correcto desenvolvemento das vivacidadeas dixitais a diario o que se detalla a continuación (información obtida do Inventario TIC do centro cuxo enlace está compartido no apartado 2.1 deste documento):

- x Sala de mestres PLANTA 0 PC sobremesa HP Pro 3130 MT Linux Debian 8.4Jessie Cable Exp 26/10-SU XUGA 2011 Artíc. 247520
- x PLANTA 1-AULA 1 3º Primaria PC sobremesa HP Pro Desk 600 G2MT Intel Core i5 - 6600 CPU @ 3.9 GHz RAM: 1466 MiB / 7859 MiB CZC638BB4K Linux Debian 8.4Jessie Cable 10.42.5.76 Exp 34/2016 XUGA 2016
- x PLANTA2-AULA8 4ªA Proyector Hitachi CPRX78
- x PLANTA2-AULA8 4ªA PDI IQ Board
- x PLANTA0-AULA2 EI 4 anos PDI Promethean Active Board

- *Servizos dixitais*: o centro emprega servizos dixitais corporativos para o funcionamento diario e comunicación coas familias: páxina web, correo edu.xunta.gal e Abalarmóbil.

4. Avaliación do plan

Realizarase unha avaliación procesual ao final de cada trimestre para ir modificando os aspectos que sexan pertinentes e ir adaptándonos ás necesidades xurdidas.

Realizaremos unha avaliación final ao remate do curso escolar, nos derradeiros días do mes de xuño, que se orienta principalmente a coñecer que resultados se obtiveron, cales foron as causas do maior ou menor éxito e que efectos se produciron na cultura do centro.

A vista dos resultados destas avaliación realizaremos propostas de mellora do plan.

a) Valoración do logro dos obxectivos:

Obxectivos	Indicadores	Descriptoros	Modificacións introducidas	Avaliación procesual						Avaliación Final				
				Temporalización	% de nivel de consecución				Cosecución en tempo		% de nivel de consecución			
					25	50	75	100	Si	Non	25	50	75	100
Dar continuidade ó uso do Aula Virtual do centro entre os grupos de 3º e 4º de Primaria.	Número de sesións realizadas en cada trimestre co grupo na AV dentro do horario lectivo.	Creáronse cursos e matriculouse ao profesorado e alumnado na AV do centro.		1º trimestre										
		Realizouse unha sesión de formación para o profesorado acerca do uso do AV.		1º trimestre										
		Publicáronse actividades nos cursos correspondentes da AV	1º trimestre											
			2º trimestre											
			3º trimestre											
Traballouse co alumnado nas actividades creadas		3º trimestre												
Elaborar planificación de contidos dixitais a traballar durante as etapas de Infantil e Primaria	Grado de desenvolvemento do documento que inclúa a planificación dos contidos dixitais (uso de programas de ofimática e programación con Scratch) a traballar nas áreas de Infantil e Primaria.	Realizouse a avaliación inicial entre profesorado para determinar o punto de partida.		1º trimestre										
		Seleccionáronse obxectivos e contidos.		1º trimestre										
		Planificáronse e secuenciáronse obxectivos e contidos para cada nivel educativo.		1º trimestre										
Habilitar un espazo físico para posibilitar e promover o uso dos	Existencia dun espazo no Aula de Informática onde se almacenen e poidan ser empregados os	Desbotouse o material informático obsoleto existente que impide o aproveitamento dunha zona ampla da Aula de Informática		1º trimestre										
		Habilitouse e acondicionouse un espazo na Aula de Informática e dotalo cos recursos dixitais existentes no centro.		2º trimestre										
		Presentouse un novo “recanto informático” ó												

recursos dixitais existentes no centro.	recursos dixitais existentes (tablets, portátiles, robots).	claustro e dar a coñecer o seu funcionamento e posibilidades de uso	3º trimestre																
Empregar ferramentas dixitais dentro do proceso de avaliación do alumnado.	Número de rúbricas creadas polo profesorado na AV do centro	Realizouse unha reunión de formación inicial co profesorado sobre creación de rúbricas na AV.	1º trimestre																
		Creáronse rúbricas na AV.	2º trimestre																
		Empregar rúbricas creadas.	3º trimestre																

b) Propostas de mellora.

Accións	Impedimentos	Proposta de mellora
Crear cursos e matricular profesorado e alumnado na AV do centro.		
Realizar sesión de formación para o profesorado(se é preciso) acerca do uso do AV.		
Publicar actividades nos cursos correspondentes da AV		
Traballar co alumnado nas actividades creadas		
Realizar avaliación inicial entre profesorado para determinar o punto de partida.		
Seleccionar obxectivos e contidos.		
Planificar e secuenciar obxectivos e contidos para cada nivel educativo.		
Desbotar material informático obsoleto existente que impide o aproveitamento dunha zona ampla da Aula de Informática		
Habilitar e acondicionar espazo na Aula de Informática e dotalo cos recursos dixitais existentes no centro.		
Presentar novo “recanto informático” ó claustro e dar a coñecer o seu funcionamento e posibilidades de uso		

Realizar reunión de formación inicial co profesorado sobre creación de rúbricas na AV.		
Crear rúbricas na AV.		
Empregar rúbricas creadas.		

5. Difusión do plan

No momento de aprobación do Plan Dixital por parte de claustro e Consello Escolar informárase ás familias deste feito a través de Abalarmóbil e creárase un acceso permanente a este documento na páxina web do centro para que así poida ser consultado en calquera momento por tódolos membros da comunidade educativa.